12 lúas Proxecto Cultural de Arte, Internet e CC
http://12luas.blogspot.com
12luas@gmail.com

Lunática,

agardo unha chamada que non chega ó meu móbil estático,

flegmática diante da televisión analóxica,

a carón dun ordenador ilóxico.

Práctica,

cambio de canle,

actúo de forma drástica,

pantallazo azul diastólico,

reinicio metódica.

Robótica,

perdida nunha IP dinámica,

didáctica terminolóxica,

cambio outra vez de canle,

políticos retóricos.

Agnóstica,

derrétese o Ártico

detrás do tubo catódico

que se volve acuático,

presas hidráulicas, sílabas tónicas.

Fallo eléctrico,

ouveo licántropa

ás escuras da era tecnolóxica,

Ela rústica sorrí… magnética… a lúa.